

**NORMATIVA SOBRE A AVALIACIÓN, PROMOCIÓN, TITULACIÓN E MATRÍCULAS DE HONRA E CONCRECIÓN DO CENTRO APROBADA O 11 DE ABRIL DE 2022 E MODIFICADA E APROBADA O 27 DE ABRIL DE 2023**

*Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.*

*DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

**Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa**

**NA ESO**

Ao finalizar cada curso da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente na sesión de avaliación final decidirá sobre a súa promoción. Esta decisión tomarase:

- de xeito colexiado
- atendendo á consecución de obxectivos
- ao grao de adquisición das competencias clave establecidas
- á valoración das medidas que favorezan o progreso do alumno/a
- tendo en conta os criterios de promoción

Os criterios de promoción dun curso a outro son:

1. Ter todas as materias aprobadas.
2. Ter 1 ou 2 materias suspensas (computando neste apartado as materias suspensas de cursos anteriores).
3. Máis de 2 materias suspensas se se cumpren todas as condicións seguintes:
  - Media aritmética das cualificacións das materias cursadas sexa igual ou superior a 5.
  - Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias con avaliación negativa non sexa superior a 10.
  - Que o equipo docente considere que coas materias non superadas pode seguir con éxito o curso seguinte. Neste punto considerárase con 3 materias suspensas que a media aritmética destas tres sexa de 3,3 como mínimo. Con 4 materias suspensas, a media aritmética delas sexa de 3,75

	<p>como mínimo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.</li> <li>• Que o equipo docente considere que a promoción beneficia a súa evolución académica.</li> </ul> <p>O alumnado que non promocióne permanecerá un ano máis no mesmo curso. En todo caso, o alumnado poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez e dúas veces, como máximo, ao longodo ensino obrigatorio.</p> <p><b>NO BACHARELATO</b></p> <p>Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente na sesión de avaliación final decidirá sobre a súa promoción.</p> <p>Os criterios de promoción dun curso a outro son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ter todas as materias aprobadas.</li> <li>• Ter 1 ou 2 materias suspensas.</li> </ul>
<p><b>Criterios de titulación</b></p>	<p><b>NA ESO</b></p> <p>Ao finalizar o cuarto curso da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente na sesión de avaliación final decidirá sobre a súa titulación. Esta decisión tomarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• de xeito colexiado</li> <li>• atendendo á consecución de obxectivos</li> <li>• ao grao de adquisición das competencias establecidas</li> <li>• tendo en conta os criterios de titulación</li> </ul> <p>Os criterios para obter o título de graduado en educación</p>

secundaria obrigatoria son:

1. Ter todas as materias aprobadas.
2. Con materias suspensas, se se cumpren todas as condicións seguintes:
  - Media aritmética das cualificacións das materias cursadas sexa igual ou superior a 5.
  - Que a xuízo do equipo docente, o alumno/a adquira as competencias establecidas.
  - Que a xuízo do equipo docente o alumno/a alcanzase os obxectivos da etapa.

O título será único e non levará cualificación.

O alumnado que non titule e supere os límites establecidos de idade, poderao facer nos dous cursos seguintes mediante a realización de probas personalizadas extraordinarias das materias non superadas.

### **NO BACHARELATO**

Os criterios para obter o título de bacharelato son o de ter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharelato por unha alumna ou alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

1. Que a media aritmética das cualificacións obtidas nas materias cursadas, que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a 5. Neste caso tamén se considerará a cualificación obtida na materia non superada.

	<ol style="list-style-type: none"> <li>2. Que o equipo docente considere que a alumna ou alumno acadou as competencias clave e obxectivos vinculados ao título.</li> <li>3. Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte do alumno/a na materia non superada, sendo esta inasistencia igual ou superior ao 10% das horas lectivas da materia.</li> <li>4. Que a alumna/o se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.</li> </ol>
<p><b>Critérios de outorgamento de matrículas de honra</b></p>	<p><b>NA ESO</b></p> <p>A titulación con <b>matrícula de honra</b> será acadada polo alumnado que obtivese unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos. Concedendo esta mención a un máximo do enteiro mais próximo ao 5% do alumnado matriculado no centro no cuarto curso.</p> <p>En caso de haber máis candidatos/as que mencións, os criterios para a concesión serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• maior nota media en 4º ESO</li> <li>• maior nota media na ESO</li> <li>• maior número de cualificacións de 10 en 4º ESO.</li> </ul> <p><b>NO BACHARELATO</b></p> <p>A titulación con <b>matrícula de honra</b> será acadada polo alumnado que logo da avaliación final ordinaria do segundo curso de bacharelato, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos. Concedendo esta mención a un máximo do enteiro mais próximo ao 5% do alumnado matriculado no centro no segundo curso.</p>

En caso de haber máis candidatos/as que mencións, os criterios para a concesión serán:

- maior nota media en 2º bacharelato
- maior nota media en bacharelato (1º e 2º)
- maior número de cualificacións de 10 en bacharelato (1º e 2ª)